

COLEXIO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

MANUEL MASDÍAS



ENTROIDO 2011



COPLA DA COMPARSA  
(música da rumba)



Todos os nenos e nenas  
para seguiren con vida  
viaxan sentados co cinto  
non se esquecen ningún día.

**Ai festa festa!**  
**Ai festa tola!**  
**Vinde comigo**  
**participa nesta copla.**

**Ai xente xente!**  
**Ai xente toda!**  
**Vinde comigo**  
**participa nesta escola.**

Párate aquí miña xoia  
hai un stop moi tremendo  
quédate quedo un pouquiño  
ou chocarás nun momento.

**Ai festa festa!...**

**Ai xente xente!...**

O cinto e a cadeiriña  
se cadra o elevador  
recórdallo á persoa  
que vaia de condutor.

**Ai festa festa!...**

**Ai xente xente!...**

Cando vexas luz vermella  
frea sempre no teu coche  
que se non paras a tempo  
levarás un bo chipote.

**Ai festa festa!...**

**Ai xente xente!...**



FIXEMOS MÁIS COPLAS

## EDUCACIÓN INFANTIL

O CINTO E A SILLIÑA  
SE CADRA ELEVADOR  
RECÓRDALLO A PERSOA  
QUE SEXA O CONDUCTOR.

SEXA PEÓN OU PASAXEIRO,  
CICLISTA, CONDUCTOR OU  
CAMIONEIRO,  
E VAI A MODO, CON  
SENTIDIÑO,  
PONLLE ATENCIÓN E SEMPRE,  
SEMPRE VAI CON TINO.

## PRIMEIRO CICLO

HEI DE CONDUCIR UN DÍA,  
CANDO OS MEUS ANOS XA  
TEÑA  
HEI DE SACAR O CARNÉ  
PRA CANDO A ROTONDA VEÑA.

ANDA ,COCHIÑO!,  
SOMOS A BOMBA!  
VENTE CONOSCO  
CHEGAREMOS Á ROTONDA.  
VIVA A ROTONDA !,  
ROTONDA VIVA!

VIVA A ROTONDA!  
ANQUE SEXA NOITE E DÍA.

MIÑA ROTONDA QUERIDA  
NON VIN SINAL COMA ELA  
TODA PINTADA DE AZUL  
AS FRECHAS VAN PARA A ESQUERDA

O! LINDA LINDA  
O! MIÑA XOIA  
IMOS Á ESCOLA  
CHEGAREMOS Á ROTONDA.  
VIVA A ROTONDA!,  
ROTONDA VIVA!  
VIVA ROTONDA!,  
ROTONDA DA MIÑA VIDA!

TODOS OS NENOS E NENAS  
PARA SEGUIREN CON VIDA  
VIAXAN SENTADOS CO CINTO  
NON SE ESQUECEN NINGÚN DÍA.

ANDA COCHIÑO...

## TERCEIRO PRIMARIA

Este ano no Entroido  
no colexio do Masdías  
querémosvos amosare  
todo o de educación vial.

Anda con tino! E con coidado  
E non esquezas de cumprir todas as  
normas  
Coloca o cinto, non bebas viño  
E sobre todo ten moita seguridade.

Este ano os de terceiro  
imos a ir de bombeiros  
para poder apagare  
os lumes do mundo enteiro

Anda con tino!...

Os de cuarto e de primeiro  
tamén vánse a disfrazare  
Uns queren ir de rotondas  
Outros van ir de sinais.

Anda con tino! ...

### **CUARTO PRIMARIA**

Párate aquí miña xoia  
hai un STOP moi tremendo  
quédate quieto un pouquiño  
ou chocarás nun momento.  
Levamos chifre, chifre levamos  
e cando soa todos quietos, ben  
parados

Imos vestidos de policías  
do noso traxe ben feitoño non te  
rías.

Heite poñer moitas multas  
se corres moito na rúa  
perderás tódolos puntos  
todo será culpa túa.

### **QUINTO PRIMARIA**

Cando imos p'ró colexio

miramos ben ó cruzar(e),  
paramos se está vermello,  
pasamos cando está verde.

Miramos todos,  
miramos ben(e),  
imos amodo  
p'ra chegarmos sen correr(e).

E cando entramos,  
imos en orde  
p'ra non caermos  
nin tirarmos a ninguén(e).



### **SEXTO DE PRIMARIA**


Heime de vestir de demo,  
disfrazarme para o Entroido  
hei de poñerme vermello,  
para traer un agoiro.

Vide rapaces!, comede orellas!  
que hoxe hai festa na cidade e nas  
aldeas!

Bailade moito, todos os días  
imos de Entroido os do colexio  
Masdías

## TESTAMENTO DE INFANTIL

TOLERÍAS E PARVADAS, LÉVOME NESTE ENTROIDO  
E DEIXOVOS BEN TESTADO,  
AS COUSAS, QUE SE AS FIXERA,  
O CAMBIARÍA TODO:



PARA AS CEBRAS SALVAVIDAS: OBEDIENCIA E ATENCIÓN,  
ACUARELAS DE MIL CORES, PARA OS CAMALEÓNS  
MANDÓNS,  
E PARA OS CANS GUÍA, UNHAS GAFAS E UNS BASTÓNS.  
ÁS ROTONDAS DE PRIMEIRO, UNHA ESTATUA PARA O  
CENTRO  
E ÁS DE SEGUNDO, FLORES PARA ADORNAR O MUNDO.  
PARA OS POLIS DE TERCEIRO SENTIDIÑO E BO CRITERIO  
E PARA OS DE CUARTO UN CADERNO E UN SILBATO.  
E PARA REMATAR, AOS DE QUINTO E AOS DE SEXTO,  
COMO SINAI S QUE SON,  
DÉIXOLLES MIL DEBUXOS E A MIÑA IMAXINACIÓN



## TESTAMENTO DE PRIMEIRO

SON O MECO  
NON QUERO MORRER  
SEN DEIXAR  
ALGO QUE COMER:

ÁS CEBRAS SALVAVIDAS  
MOITAS VITAMINAS.  
AOS CAMALEÓNS MANDÓNS  
UNHA FONTE DE CANELÓNS.  
AOS CANS GUÍAS  
UN LOTE DE SANDÍAS.  
ÁS ROTONDAS DE SEGUNDO  
MOITAS PIPAS FACUNDO.  
ÁS BOMBEIRAS E BOMBEIROS  
ASADIÑOS DE CORDEIRO.  
AOS DE CUARTO POLICÍAS  
UNHA BOA DE SANDÍAS.  
AOS SINAIS DE QUINTO E SEXTO  
UN GRANDE E BONITO CESTO.

### ÁS ROTONDAS DE PRIMEIRO TESTAMENTO VENTUREIRO:

A CANDELA E A ANDREA  
UNHA PRAIA CON AREA.  
A PABLO E A ROSALÍA  
UNHAS MOI RICAS XUDÍAS.  
A ABRAHAM E A XIAO  
CHOCOLATE CON SOBAOS.  
A JOHANNA E A YAISA  
UNHA VIAXE A ISLANDIA.  
A SANDRA E A SAMANTA  
QUE SE ABRIGUEN CUNHA  
MANTA.  
A EDGAR E A SILVANA

UN PASTEL DE BANANA.....  
A JAIRO E A ANTONIO  
UNHA BONITA PRAIA EN OUTONO..  
A AIXA, ICIA E YANELA  
ARROZ CON MOITA CANELA.  
A CAROLINA E A DANIEL  
UN BOTECIÑO DE XEL.  
A UXÍA E A BRUNO  
UN CHOCOLATE CON CHURROS.



### E PARA O PROFESORADO TAMÉN TEÑO AGASALLOS:

ÁS PROFES DE INFANTIL  
UN BONITO MANDIL.  
A LUPE  
UN PRATO DE NUBE.  
A SANDRA  
UN PASTEL DE LANDRAS.  
A LUZ  
UN SOMBREIRO DE TUL.  
A PILI  
UN PASTEL DE KIWI.  
A MARGA  
UNHA VIAXE A ALASKA.  
A OSCAR  
UNHA RICA ROSCA.

A OLGA E MARÍA JOSÉ  
UNHA CUNQUIÑA DE TÉ.  
A ESTRELA A ORIENTADORA  
UNHA HORTA CON CEBOLAS.  
A CARLOS "AMAÑA TODO"  
UN BONITO LORO.  
Á NOSA QUERIDA TAMARA  
UN PRATO DE CASTAÑAS.  
ÁS NAIS E AOS PAIS DA ANPA  
UNHA VIAXE CON RAMPA.  
A LASTRA PARA DESCANSAR  
UNHA HAMACA PARA ESTAR.



### TESTAMENTO DE SEGUNDO

Son o Meco e vanme queimar  
así que este Entroido de educación  
vial algo vos terei que deixar:

Ás cebras salvavidas  
déixolles moitas bebidas.

Aos camaleóns mandóns  
déixolles uns xamóns.

Aos cans guías  
déixolles moitas sandías.

Aos de primeiro, que son rotondas  
déixolles unhas pelotas.  
Aos de terceiro, que son bombeiros  
déixolles moitos diñeiros.  
Aos de cuarto, que son policías  
déixolles os bos días.  
Agora vou coas mestras e mestres  
que algo tamén se merecen:

Aos de quinto e sexto, que son  
sinais, déixolles un chándal  
"NIKE".

Aos de segundo,  
que tamén van de rotondas,  
aí lles van estas cousas:  
A Noemí Pardo  
déixolle un petardo.  
A Joam Ferreiro  
déixolle un sombreiro.



A Ainhoa Abella  
déixolle unha ovella.  
A Nico  
déixolle un pico.  
A Lucas  
déixolle unhas pelucas.  
A Tiara  
déixolle unha boa cara.  
A Adrián  
déixolle un volcán.  
A Oscar  
déixolle un par de ostras.  
A Nerea  
déixolle un gran de area.  
A Xam  
déixolle un bo pan.  
A Sinay Jiménez  
déixolle un periquete.  
E por último, a David Manzano  
déixolle un bo ano.

A Oscar o director  
déixolle un neno lector.  
A Mar a xefa de estudos  
déixolle uns escudos.  
A Olga a secretaria nosa  
déixolle unha osa.  
Ao "teacher"  
déixolle unha salchicha.  
A Montse  
déixolle un monte.  
A Roberto  
déixolle un pemento.  
A Ana, Loli e Rosa  
déixolles un par de cebolas.  
A María José, Bea e Esperanza  
déixolles unha danza.  
A Lupe e a Luz  
déixolles unha bombilla de luz.  
A Pili e a Marga  
déixolles dúas mantas.  
A María e Rocío  
déixolles un río.  
A María José e a Estrela  
déixolles unha balea.  
E xa á mestra Sandra  
déixolle unha landra.  
Case remato con Carlos  
deixándolle un touro bravo.  
E por fin remato con Lastra  
que aínda que xa non está  
unha banana heille deixar.





TESTAMENTO DE TERCEIRO

Son o Meco desta antroidada  
e antes de morrer queimado,  
quero deixar todo ben testado:

Para os nenos de infantil:  
Bicos, bicos a mil  
antes de cruzar o carril.

Para os de primeiro e segundo,  
que de rotondas van,  
xirar con coidado  
que senón nos dan.

Para nós, os de terceiro,  
un gran casco de bombeiro  
para poder apagar o lumeiro.

Para os polis de cuarto  
un bolis para recadar cartos.

Para os de quinto e sexto  
que son os nosos "sinais"  
respectar os seus mandatos  
porque saben máis.

AOS PROFES DESTE COLE ALGO  
TAMÉN LLES VOU DEIXAR:

Para as de infantil,  
non saírse do carril

Para Lupe, a de primeiro,  
un camión de bombeiro

Para Sandra, a de segundo,  
Unha volta polo mundo.

Para Pili, a de cuarto,  
relaxarse un bo rato.

Para Marga,  
unha chaqueta de manga larga.

Para Óscar, que é o de sexto,  
un can metido nun cesto.

Para Olga, a secretaria,  
que lle saian as contas claras.

Para Mar, unha xefatura  
proveitosa e con dulzura.

Para Xoán, o de inglés,  
unhas botas para os pés.

Para as profes de relixión,  
un gran abrazón  
porque teñen con nós  
moita compaixón.

Para Rocío e as Marías,  
que canten moitas Avemarías.

Para Estrela a orientadoira,  
unha boa batedora  
coa que mesturar  
As súas probas.

### TESTAMENTO DE TERCEIRO

Para Roberto, o de ximnasia,  
que coide moito da súa rapaza.

Para Montse, a de música,  
que non perda a súa risa.

Para o conserxe, Carlos,  
Pintura, brocha e un cazo.

Por último, para a nosa profa Luz,  
que non perda a súa aptitud.

E para todos os nenos e nenas de  
terceiro  
Que este ano sexa de moito proveito

Para Kevin, que acaba de chegar,  
aprender o galego é fundamental

Para Marcos,  
ter tino cos seus arrancos.

Para Judit, apertas a mil.

Para Andrea, seguir coa mesma "lea"

Para Efraín e Jonás,  
convén manter crecho o pelo.

E Adán de guapo, guapo un gran  
anaco.

José Juan, José Juan ao colexio ten  
que chegar.



TESTAMENTO DE CUARTO

Imos comexar a lectura deste testamento.

Primeiro o dos profesores/as

Que molestan a todas horas.

Déixolle a Bea,

un picotazo de abella.

Déixolle a María,

unha perruquería.

Déixolle a Esperanza, ``

Unhaclase de danza.

Para Lupe, a de primeiro, aos seus novos compañeiros..

Para Sandra, a de segundo, unha bola do mundo.

Para Luz, durmir con Gusiluz.

Para Lastra e Marga de despedida, que sexan felices toda a vida.

Para Rocío, que se bañe nun río.

Para Ma<sup>a</sup> José,

que tome moito café.

Para Xoán, o de inglés,

unha voltiña por El Corte Inglés.

Para Roberto, o de ximnasia, que se marche a Asia.

Para a de música, Montse, que cante cun monxe.

Para as de relixión, moita información.

Para Estrela, a orientadora, que se vaia de exploradora.

Para Pili, a nosa titora, tres quilos de gominola.


Rematamos có equipo directivo, que merece un correctivo.

Á secretaria, Olga, unha boa folga.

A Mar, a xefa de estudos, un can peludo.

E a Oscar, o director, que se merque un tractor.

Antes de rematar, a Carlos o conxerse, un bote para remar.



Imos agora có que lles deixo a cada curso:

Para os de infantil, non sairse do carril.

Para os de primeiro, nada de diñeiro.

Para os de segundo, un baño no mar profundo.

Para os de terceiro, que se vistan de carteiro.

Para os de quinto, aprender a táboa do cinco.

Para os de sexto, encerralos para sempre nun cesto.

## TESTAMENTO DE CUARTO

Para nós, os de cuarto, moreas e moreas de cartos, comer orellas ata quedar fartos e xogar unha partida de dardos.

Déixolle o seguinte a cada neno ou nena de cuarto.

- Para Andrea, facer a todos a cea.
- Para Paula, que se ase na saubana.
- Para as Albas, un bo plato de algas.
- Para Yaiza, meterse nunca caixa.
- Para Irimia, traballar na vendima.
- Para Bruno, que esqueza a táboa do un.
- Para Jesús, un miniautobús.
- Para Jenni, ir xogar a tenis.
- Para Mirella, facerse moi vella.
- Para Tais, moitos sinais.
- Para Pablo, un bocadillo de pavo.
- Para Laura, que lle tiran auga.
- Para Noa, que lle caia unha moa.
- Para Michelle, que se empache de mel.
- Para Jorge, perderse no Jofre.



### TESTAMENTO DE QUINTO

Neste tres de marzo,  
ante a notaria dona Cazo,  
fago o meu testamento.

Déixolles os meus bens  
a toda a xente do Masdías,  
para que me recorden  
todos os días.

Aos de infantil voules dar  
unha película de Alí Babá.

Aos de primeiro vounos agasallar  
cun cabaliño de mar.

Aos de segundo vounos gratificar  
cun refresco do meu bar.

Aos de terceiro voules doar  
unha viaxe a Madagascar.

Aos de cuarto concederelles  
un ano sen deberes.

Aos de quinto voules outorgar  
un barco para navegar.

Aos de sexto, un obsequio,  
irse xa deste colexio.

Déixolles ás profesoras  
e mais aos profesores  
un xeadro de sete sabores.

Déixolle ao conserxe Carlos  
unha viaxe a Montecarlo.  
Déixolle a Michelle  
un dicionario para saber.

Déixolle a Eloi  
un coche Citroën.

Déixolle a Alba  
a maxia dunha fada.

Déixolle a Gerson  
algo de diñeiro.

Déixolle a Diana  
unha caravana.

Déixolle a Marta  
unhas boas gafas.

Déixolle a Rocío  
unha casa no río.

Déixolle a Joel  
un can fiel.



TESTAMENTO DE SEXTO

Outro ano no Masdías,  
outro ano condenado.  
Pero antes de morrer  
vou deixar o meu legado.

Para os nenos e nenas de  
Infantil,  
unha gaita e un violín.  
Para os de primeiro,  
que se bañen nun  
fregadeiro.

Para os de segundo,  
un amigo vagabundo.  
Para os de terceiro,  
unha noite nun mosteiro.  
Para os de cuarto,  
nada, que xa estou farto.  
Para os de quinto,  
un bozal, que non lles  
vén nada mal.

Agora para os de sexto  
vou repartir o meu cesto

Para Alicia, José Ángel e  
Iago, que son uns  
cotillas, unhas  
mascarillas.

Para Andrea S., Esther e  
Uxía, unha boa cirurxía.

Para Ávaro, Sergio e  
Aarón, que enfermen de  
xarampón.

Para Miriam, Ángel e  
Carolina, un bote de  
gasolina.

Para Dennis, Betania e J.  
Carlos, unha caixa de  
petardos.

Para Noemi, Andrea R., e  
Jesús, un gran de pus.

Para Iria, Silvia e Martín,  
quedar castigados en  
Infantil.

Para Rubén, Alba e  
Omar, que se beban todo  
o mar.

Para que non podan  
protestar, ao profesores  
voulles deixar:

Para Oscar Glez. Montañés  
de mascota un cempés.

Para Rocío,  
un iglú ben frío.

Para as profes de infantil,  
que se coman un réptil.

Para Marga e Lastra,  
que se xubilen,  
xa lles basta.

Para Roberto,  
que se perda nun deserto.

Para Xoán, o de inglés  
uns callos nos pés.

Para María,  
que se bañe na ría.

Para as de relixión,  
un anaco de cartón.

Para Olga, a de apoio,  
un montón de piollos.

Para Montse  
que se vai ben lonxe.

Para Pilar,  
unha viaxe polo fondo do  
mar.

Para todos os demais  
que rebenten a traballar.



XUÍZO Ó MECO - 2011

*(Ábrese o pano. Acéndese a luz.  
Vese unha sala de audiencias dun  
xulgado. Sae o alguacil a escena,  
dirixíndose ó público)*

**ALGUACIL**

*Nenos e profesores,  
damas e cabaleiros  
imos empezar o xuízo,  
que xa rematou febreiro.*

*(Entran a fiscal e a avogada,  
dirixense ós seus sitios )*

*Póñanse todos en pé  
vai dar comezo a sesión.  
Aínda que é vello o probriño,  
ten fama de mal humor.*

**XUÍZ**

*(Entra o xuíz, con bastón,  
tembloroso. Fala con voz  
temblorosa.)*

*Bos días teñan vostedes  
e benvidos a este xuizo.  
e procuren estar calados  
que non teño moito oído..*

*(Diríxese ó alguacil, mentres se  
sentan a fiscal e a avogada)*

*Diga, señor alguacil,  
¿está todo preparado?  
Mire que, se algo lle falla,  
bótoo fóra de contado.*

**ALGUACIL**

*Descoide, meu señor,  
xa preparei todo antes  
e o fiscal maila avogado,  
veñen todos elegantes.*

**XUÍZ**

*Esta preparada a avogada?  
Está listo o fiscal?  
Eu xa estou preparado  
para o xuízo comezar.*

**ALGUACIL**

*(Mirando para o público)*

*Estean todos calados  
que o xuíz vai falar  
e agora vai dar comezo  
este xuízo singular.*

**XUÍZ**

*Son o señor xuíz,  
e en silencio hai que estar,  
se hai algún alboroto  
mandarei desaloxar.*

*(Peta tres veces)*

*(Pausa)*

*A ver, señor fiscal,  
¿que nos toca hoxe tratar?  
¿A quen quere desta volta  
volver vostede esfolar?*

**FISCAL**

*Coa venia. ¡Ai, señoría,  
nesta sala celebramos*

*un xuízo p'ra xulgar  
este Meco tan malvado  
que nos fixo tanto mal!*

*Verá como, cando acabe,  
vostede darama a razón  
xa que non hai pola zona  
un inimigo maior.*

### **XUÍZ**

*Xa veremos, xa veremos,  
p'ro lembre que, de momento,  
o acusado é inocente.*

*(Pausa)*

*Preséntese avogada  
á xente que está na sala,  
presente as súas credenciais  
e faga uso da palabra.*

### **AVOGADA**

*Moitas grazas, señoría,  
coa venia que me outorga:  
Eu son a avogada do meco  
e farei o meu traballo,  
aínda que morra de medo  
jcomo corre o condenado!.*

*Práctica téñolle moita,  
estudei en Santiago,  
e defendendo acusados  
sempre din moita loita.*

### **XUÍZ**

*Moi ben, pero que moi ben.  
Admiro a súa preparación  
pero teña moito coidado  
cos que fan a acusación.*

### **AVOGADA**

*Non rabie por iso , señoría  
non temo ao señor fiscal  
de seguro que o acusado  
nunca fixo tanto mal.*

### **XUÍZ**

*En fin, comece a sesión.*

*É a quenda do fiscal.*

*Comece a argumentar  
de que vai a acusación.*

### **FISCAL**

*Coa venia da señoría.  
Eu son aquí o fiscal,  
o meu labor é acusar  
este Meco singular  
que fai dano sen parar.*

*Cando remate o xuízo  
penso deixar demostrado  
que este Meco malfalado  
debe morrer ben queimado.*

*Pídlle permiso, logo,  
para chamar testemuñas.*





**XUÍZ**

O permiso ten vostede.  
¿A quen quere, pois, chamar?

**FISCAL**

Ás testemuñas primeira,  
que non son mentireiras.

**XUÍZ**

A ver, señor alguacil,  
pase logo as testemuñas.

**ALGUACIL**

Pasen, queridos amigos,  
voulles tomar xuramento.

(Entran a testemuña 1. Prestan o  
xuramento sobre un libro)

¿Xuran vosteden dici-la verdade,  
toda a verdade  
e nada máis que a verdade?

**TESTEMUÑA 1**

Xuramos.

**FISCAL**

¿Coñecerán este suxeito?

**TESTEMUÑA 1**

Coñezo, abofé.

**FISCAL**

¿Queren contar que é o que  
pasa?

**TESTEMUÑA 1**

Meus amigos e eu  
Fomos de marcha a Ferrol,

pero xúrolle señoría  
que non probamos o alcohol.

Cando volvíamos a Caranza  
tivemos un accidente  
foi por culpa da borracheira  
que traía este indecente.

**AVOGADA**

¡Protesto, señoría!  
¡O Meco non ten a culpa  
dos accidentes!

**XUÍZ**

Non se acepta.  
¡Cale e sente!

**XUÍZ**

¿Algo máis?

**TESTEMUÑA 1**

Non

**XUÍZ**

Poden marchar.

(Sae a testemuña 1)

A ver, señor alguacil,  
sexa máis dilixente  
chame á seguinte testemuña;  
sonlle moi esixente .

**ALGUACIL**

Por suposto, señoría.  
P'ra prestar declaración  
pode pasa-la seguinte,  
e pido moderación.

*(Entra a testemuña 2. Presta o xuramento sobre un libro)*

*¿Xuran dici-la verdade, toda a verdade e máis nada que a verdade?*

**TESTEMUÑA 2**

*Xuramos.*

**FISCAL**

*¿Coñecen vosteden o acusado?*

**TESTEMUÑA 2**

*Coñecemos, si.*

**FISCAL**

*¿E teñen algo que dicir?*

**TESTEMUÑA 2**

*Acuso a este meco de agresivo e mal falado.*

**AVOGADA**

*¡Mentira! Pode demostralo*

**TESTEMUÑA 2**

*Ía outro día no coche, cando chegou o acusado agresivo, maleducado Insultando alporizado*

*Que si pareces tartaruga...*

*Que a ver si te moves...*

*Que si cambia de coche...*

**ABOGADA**

*Vale, vale, xa entendemos*

*Non fai falla continuar*

*(Vaise a testemuña 2)*

**FISCAL**

*Vai tendo paciencia , colega, que aínda queda que escoitar.*

**XUÍZ**

*Chamen outra testemuña, se hai, para declarar.*

**ALGUACIL**

*Entre, pase e acomode.*

*(Entra a testemuña 3. Presta o xuramento sobre un libro)*

*Xure co que eu lle diga:*

*¿Xura dici-la verdade, unicamente a verdade e máis nada que a verdade?*

**TESTEMUÑA 3**

*¡E xurareí...!*

**XUÍZ**

*Débese dicir que xura, pois desa forma non vale*



**TESTEMUÑA 3**

*Xuro, logo, señoría,  
¿quere vostede que fale?*

**XUÍZ**

*¡Que non temos todo o día...!*

*Señor fiscal, proceda.*

**FISCAL**

*¿De que coñece este Meco?*

**TESTEMUÑA 3**

*Coñezo este Meco tolo  
de conducir sen carné  
e cando hai un problema  
non se para a socorrer.*

*Non ten seguro do coche,  
é un condutor ilegal,  
cando vai por unha estrada  
pode causar moito mal.*

**AVOGADA**

*¿Está vostede seguro  
que era o acusado  
o que ía no coche  
sen estar asegurado?*

**TESTEMUÑA 3**

*Vino cos meus propios ollos,  
non cos ollos de cristal.*

**XUÍZ**

*¡Vale! ¡Vale!  
¡Abonda de lérias!  
¿Ten algo máis o fiscal?*

**FISCAL**

*Xa chega ben señoría.*

**XUÍZ**

*E vostede testemuña,  
¿Ten algo máis que dicir?*

**TESTEMUÑA 3**

*O mes enteiro falando  
o podería botar,  
pero hai outras persoas  
que agardan poder entrar.*

**XUÍZ**

*Moi ben, retírese*

*(Retírase a testemuña 3)*

*¿Queda alguén máis por entrar?*

**FISCAL**

*Chamo agora a tres mulleres.*

**ALGUACIL**

*Que entren logo.*

*¿Xuran dici-la verdade,  
toda a verdade  
e máis nada que a verdade?*

**TESTEMUÑA 4**

*Xuramos. ¿Vale así?*

**ALGUACIL**

*Vale.*

**FISCAL**

*¿De que cousas do acusado  
Poderán testemuñar?*

**TESTEMUÑA 4**

*Eu acuso a este Meco  
de ser sexista ao volante  
que humillou a tantas mulleres  
¡el sempre quere ir diante!.*

*Cando colle un coche,  
non nos pode nin ver  
e en canto pode berra.  
¡Muller tiñas que ser!*

**AVOGADA**

*¡Non creo que sexa p´ra tanto!  
¡Non di palabra o pobriño!*

**TESTEMUÑA 4**

*¡Non se deixe enganar!  
por que teña o pico pechado.  
o que pasa e que é un covarde  
¡E debe ser condenado!*

**XUÍZ**

*Pódese xa retirar  
e grazas por declarar.*

*(Retírase a testemuña 4)*

*¿Quedan máis comparecentes?*

**FISCAL**

*Hai moitas outras persoas  
que queren poder entrar.*

**XUÍZ**

*Veña alguacil realice o seu traballo.*

*(entran as testemuñas 5)*

**ALGUACIL**

*Xuran, non si?*

**TESTEMUÑA 5**

*Pois claro que xuramos  
**FISCAL**  
Veña conten*

**TESTEMUÑA 5**

*Eu vin ao meco  
conducindo un camión  
¡ía falando co móbil  
e non prestaba a atención.*

*Cando rematou a chamada  
empezou cunha mensaxe  
so lle faltou ao acusado  
que lle deran unha masaxe.*

**ABOGADO**

*Non, se vai ter culpa o acusado  
de estar ben comunicado.*

**XUÍZ**

*Veña, retírese e que pase a  
última testemuña*

**ALGUACIL**

*(mirando ao público)*

*Xa son as once,  
xa é a hora do café  
a ver se rematan axiña  
que xa me doen os pes.*



Ve

*Xuran verdade?*

### **TESTEMUÑA 6**

*Xuramos*

### **FISCAL**

*Conten, conten.*

### **TESTEMUÑA 6**

*Este é, señoría,  
o que conducía sen cinto  
e que levaba ao seu fillo  
polo coche dando brincos.*

### **XUÍZ**

*Xa me cansei de escoitar,  
penso que é suficiente.  
As testemuñas poden marchar.*

*Alguacil, mande calar,  
imos dita-la sentencia.*

### **ALGUACIL**

*Para escoitar todo isto  
póñanse todos en pé.*

*(Póñense de pé todos/as menos o  
xuíz)*

### **XUÍZ**

*Abofé que as leva feitas  
este demo lacazán.*

*Observade ao acusado  
e prestade moita atención  
vou a ditar sentencia  
para este grandullón*

*Póñanlle as mans ben dereitas,*

*préndano ben cunha corda,  
que o destino teno claro.  
e vouno desvelar agora.*

*Condénote Meco deste ano  
a queimarte na fogueira.  
Mañá será, contra a unha,  
alá na parte traseira.*

*(Golpea co mazo)*

*(Cérrase o pano e queda a luz  
dada. Ábrese o pano e saúdan)*

**FIN**



## POR ORDE DO MECO.....


NESTE **MARTES** DE ENTROIDO,  
QUE ESTREAMOS,  
POLAS VECES QUE COMA BEBÉS  
NOS COMPORTAMOS  
TRAEREMOS UN **CHUPETE**,  
COLGANDO ONDE POIDAMOS.



PARA O MÉRCORES DE  
ENTROIDO TRAEREMOS  
UNHA PERRUCA PERO NON  
ESQUECEREMOS VIR TAMÉN  
CHUPA QUE CHUPA.



PARA O XOVES DO  
ENTROIDO, TRAEREMOS O  
CHUPETE A PERRUCA E  
TAMÉN UN SOMBREIRO.



# ENTROIDO 2011



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP MANUEL MASDÍAS**

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA